



MARÍA ESTER TÁBOAS VÁZQUEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DAS NEVES (PONTEVEDRA),

CERTIFICO: Que polo Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o 14 de xullo de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

**1. Expediente 285/2024. Aprobación, se procede, do expediente de contratación para a prestación do Servizo de Axuda a Domicilio (SAF) no Concello das Neves, convocando a súa licitación**

Sometida a votación a Proposta de Alcaldía que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*En relación co expediente relativo á contratación por procedemento aberto e regulación armonizada do servizo de axuda a domicilio, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,*

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** Á vista dos seguintes antecedentes:

<b>Documento</b>	<b>Data/Núm.</b>	<b>Observacións</b>
Providencia de Alcaldía	06/08/2024	
Informe insuficiencia de medios	06/08/2024	
Informe non división en lotes	06/08/2024	
Estudio económico-financeiro	06/08/2024	
Informe fiscalización fase A	08/08/2024	
Informe de Secretaría	08/08/2024	
PCAP	06/08/2024	
PPT	06/08/2024	

**SEGUNDO.** Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

<i>Contrato de servizos por procedemento aberto e suxeito a regulación armonizada para o “Servizo de axuda a domicilio”.</i>		
<b>Procedemento:</b>	<b>Tramitación: ordinaria</b>	<b>Tipo de contrato: servizos</b>





Aberto			
<i>Clasificación CPV:</i> 85310000-5: <i>Servizos de asistencia social, e</i> 85300000-2: <i>Servizos sociais e</i> <i>servizos conexos</i>	<i>Acepta prórroga: si</i> <i>(dúas prórrogas de</i> <i>un ano cada unha)</i>	<i>Revisión de prezos /</i> <i>fórmula: Non</i>	<i>Acepta variantes:</i> <i>Non</i>
<i>Orzamento base de</i> <i>licitación (anual):</i> 409.778,08 euros	<i>Impostos: 4%</i>		<i>Total: 426.169,20 euros</i>
<i>Valor estimado do</i> <i>contrato:</i> 1.966.934,78 euros	<i>Impostos: 4%</i>		<i>Total: 2.045.612,17euros</i>
<i>Data de inicio</i> <i>execución:</i> _____	<i>Data fin execución:</i> _____	<i>Duración</i> <i>execución: 2 anos</i> <i>de contrato + 2</i> <i>posibles prórrogas</i> <i>de 1 ano cada una</i>	<i>Duración máxima: 4</i> <i>años</i>
<i>Garantía</i> <i>provisional: Non</i>	<i>Garantía definitiva: Si, do 5%</i> <i>do prezo de adjudicación sen</i> <i>IVE, calculado para os 2 anos</i> <i>iniciais do contrato</i>		<i>Garantía complementaria: Si</i> <i>(en caso de modificación do</i> <i>contrato)</i>

Lotes: NON

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación).

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.





— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto, en materia de gastos plurianuais, o artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno, ao tratarse dunha competencia plenaria de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, **o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:**

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto e regulación armonizada, con varios criterios de adxudicación, para a prestación do servizo de axuda a domicilio no Concello de As Neves, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto plurianual correspondente con cargo á aplicación 231.22799 do vixente orzamento municipal, co compromiso de consignar as cantidades que correspondan nos sucesivos orzamentos municipais, segundo o seguinte detalle:

2024: 106.542,30 (ESTIMACIÓN 3 MESES)
2025: 426.169,20
2026: 426.169,20
2027: 426.169,20
2028: 319.626,90 (ESTIMACIÓN 9 MESES)

**CUARTO.** Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.** Publicar o anuncio de licitación en o «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.





**SÉTIMO.** *Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.*

**OITAVO.** *Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:*

- Ana Belén Durán Montero (Concelleira da Corporación), que actuará como Presidenta titular da Mesa.

Presidente suplente. José Manuel Alfonso González (Alcalde da Corporación)

- María Ester Táboas Vázquez, Vogal 1º (Secretaria-Interventora da Corporación).

Suplente do vogal 1º: funcionario/a ao/á quen corresponda a súa substitución accidental.

- Noelia Rodríguez Corbillón, Vogal (Traballadora social municipal) Vogal 2º

- Sergio Antonio Bermejo Campelo, funcionario municipal que actuará como Secretario da Mesa.

Suplente do secretario da Mesa, José María Carro Diz, funcionario municipal.

**NOVENO.** *A designación dos membros do comité de expertos que haberá de valorar os criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor se publicará na Plataforma de contratación coa antelación suficiente ao momento de valoración das ofertas*

**O Pleno da Corporación, por maioría absoluta, acorda aprobar a Proposta de Alcaldía na súa integridade”.**

E para que así conste e xurda os efectos que proceda, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, asino e expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, don José Manuel Alfonso González, na Casa Consistorial da Vila das Neves, na data sinalada á marxe deste documento, asinado electronicamente

